




UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



O Convenio entre as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo ten por obxecto facilita-la conclusión dos estudos en universidades do sistema universitario galego ós alumnos que se vexan imposibilitados de concluílos nas súas universidades de orixe.

Na actualidade atopase regulamentado o suposto dos alumnos que esgotaran convocatoria nunha determinada materia, nembargantes este suposto non esgota toda a eficacia do convenio, e cómpre extendelo e regula-los supostos dos alumnos que se vexan imposibilitados de continua-los seus estudos polo plano no que os iniciaron, por mor dos procesos de extinción.

Por todo o exposto esta Secretaría Xeral, e de acordo coa Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, dicta a seguinte

INSTRUCCIÓN

PRIMEIRO.- OBXECTO DA PRESENTE INSTRUCCIÓN

O procedemento que na presente instrucción se regula, será de aplicación ós alumnos que estando a realizar estudos de planos non renovados non poidan concluílos consonte ditos planos por non ter superadas materias extintas, e ter rematados os períodos transitorios para render exame.

SEGUNDO.- PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA

1. Os alumnos deberán solicitar nas Universidades do Sistema Universitario galego a admisión para render exame das materias das que non poidan facelo na Universidade de orixe.
2. Unha vez realizada a admisión procederán a realizar matrícula na Universidade de Santiago de Compostela no plano que estea a cursa-lo alumno.
3. De non ser admitidos para rendir exame noutra Universidade deberán adaptarse obrigatoriamente ó plano de estudos renovado se desexan continua-los seus estudos.

TERCEIRO.- RECOÑECIMENTO DE CUALIFICACIÓNS

1. Respecto dos alumnos obxecto da presente resolución, a Universidade receptora poñerá en coñecemento da de orixe a cualificación acadada polos alumnos mediante unha certificación expedida polo Secretario do Centro ou o Secretario Xeral, de selo caso.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2. A Universidade de orixe procederá ó recoñecemento de plano de cualificación acadada polos alumnos.

CUARTA.- EFECTOS

1. Os alumnos realizarán en todo caso a matrícula na Universidade de orixe.
2. A aceptación dos alumnos e a posterior comunicación das cualificacións acadadas non terán efectos de traslado, e en consecuencia non reportará prezos públicos.
3. A inscrición que deba realizarse en materias extintas reportará na Universidade de orixe os prezos públicos correspondentes a materias sen dereito a docencia.
4. A estimación das peticións dos alumnos para render exame terá exclusiva validez por un curso académico, debéndose renovar ano a ano.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 1996

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado
Pavillón Estudiantil
Campus Sur